

DECRETO CONVOCATORIA XGL, EXP. Nº 2025/G005/000034

Excmo. Sr. alcalde presidente en funcións do Excmo. Concello de Lugo, DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores, día 27 de agosto de 2025, ás 10.00 horas**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

SECRETARÍA XERAL

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9, 16, 23 E 30 DE XULLO E 6, 13 E 20 DE AGOSTO DE 2025.

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

2. PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA O DECRETO 7663/2025, DO 5 DE AGOSTO DE 2025, QUE APROBA AS ADXUDICACIÓNS DO CONCURSO DO ANO 2025 PARA A AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS E POSTOS DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN, EXP. 2025/C013/000003.

ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

DESENVOLVEMENTO LOCAL

3. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA DE BOLSAS "PRIMEIRAS RESIDENCIAS ARTÍSTICAS DO CAM (COLIVING ARTÍSTICO MUNICIPAL) 2025". CÓDIGO PROXECTO: 252410004, EXP. TECOL: 2025/G004/000411 E 2025/G004/000487.

ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

XUVENTUDE

4. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES XERAIS REGULADORAS E DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS ASOCIACIÓNS XUVENÍS E DE RECREACIÓN HISTÓRICA E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS

ACTAS E GOBERNO

JDR/nmf

Ref: 25decreto068

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 27-8-2025

SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DA XUVENTUDE.

LICENZAS

5. LICENZA URBANÍSTICA PARA A CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO COMPOSTO POR TRES PLANTAS SOTO PARA APARCADOIRO E ROCHOS, PLANTA BAIXA PARA LOCAL E ACCESOS EN DOUS PORTAIS, TRES PLANTAS ALTAS E BAIXOCUBERTA PARA 13 VIVENDAS; EDIFICIO COMPOSTO POR UN TOTAL DE 13 VIVENDAS, 20 ROCHOS E 41 PRAZAS DE APARCADOIRO (TERCEIRA PLANTA ESTÁ VINCULADA CO BAIXOCUBERTA DANDO LUGAR A VIVENDAS TIPO DÚPLEX) NA RÚA SAN FROILÁN, NÚMEROS 16, 18 E 20, UNIDADE EDIFICATORIA: 1301-08,09,10 (2022/Y001/000278).

6. PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA O DECRETO NÚMERO 6022/2025 DITADO POLO CONCELLEIRO DELEGADO DE URBANISMO, DEPORTES E XUVENTUDE POR DELEGACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (2025/P014/000081).

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

7. CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE SANEAMENTO NA RÚA PINTOR PACIOS NO TRAMO DA MARXE DEREITA, EXP. REF. 2025/C002/000015. ADXUDICACIÓN.

8. CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO EN VARIOS TRAMOS DA RÚA ALEXANDRE BÓVEDA, EXP. REF. 2025/C002/000017. ADXUDICACIÓN.

9. CONTRATACIÓN PARA O PATROCINIO PUBLICITARIO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO FESTIVAL "CAUDAL FEST" 2025, EXP. REF. 2025/C005/000006. ADXUDICACIÓN.

10. CONTRATACIÓN -MEDIANTE LOTES- DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN (LOTE 1) E PRODUTOS DE LIMPEZA (LOTE 2) NO FOGAR DO TRANSEÚNTE. EXP. REF. 2025/C004/000018. DECLARACIÓN DE DESERTO DO LOTE 1 E ADXUDICACIÓN DO LOTE 2.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ao vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente á marxe polo Excmo. Sr. alcalde presidente en funcións, don Rubén Arroxo Fernández.